

OS ALIMENTOS

Para o terceiro trimestre temos deseñado un pequeno proxecto da alimentación, dando continuidade ao traballo que empezamos na aula e en consonancia co Proxecto Documental Integrado para o que xa vos pedimos colaboración en distintas ocasións (Nadal, Entroido,...).

O que vos propoñemos é unha serie de actividades sempre esperando que vos resulten gratificantes e enriquecedoras a todas e todos. Con elas pretendemos fomentar a creatividade, e que traballen a motricidade fina (colorear, modelar con plastilina, ...), a cooperación (colaborar con vós e valorar o traballo en equipo) e desfrutar cos contos e cancións.

A duración do proxecto está deseñada para desenvolverse en tres semanas.

A elaboración das actividades está pensada para o desfrute do neno,-a.

Unha aperta das vosas profes.

Rosa

Loli